

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2009.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E VINTE MINUTOS** do día **VINTECINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL NOVE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do señor tenente de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e do Secretario acctal. da Corporación **DON DAVID GARCÍA LAREO**.

Non asiste: **DONA M^a DOLORES GARCIA TROITIÑO**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

2º.- SUBVENCIONS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- URBANISMO.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

1.1.- Escrito da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), rexistro de Entrada nº 780, de data 17 de febreiro de 2008, comunicando acordo entre o Ministerio de Traballo e Inmigración e o Ministerio do Interior, polo que ó modificarse o Real Decreto 782/2001, de 6 de xullo, polo Decreto 2131/2008, de 26 de decembro (BOE de 19 de xaneiro) polo que se regula a protección de Seguridade Social dos sometidos a penas de traballo en beneficio da comunidade, entrando en vigor o mesmo día da súa publicación oficial, a cobertura de ditas continxencias (accidentes de traballo e enfermidades profesionais) pasaron a asumirse polo Ministerio do Interior con efectos 1 de xaneiro do presente ano.

A Xunta de Goberno Local, queda enterada deste escrito.

1.2.- Escrito da UTE Docarbo, Rexistro de Entrada nº 792 de data 19 de febreiro de 2009, informando que por necesidades da obra “Corredor Norte-Noroeste de Alta Velocidade. Eixe: Ourense-Santiago, Tramo: Lalín-Santiago. Subtramo Silleda (Carboeiro)-Silleda (Dornelas)” solicitouse a día 06 de febreiro de 2009, ante a Deputación de Pontevedra, proceder ó corte da estrada Reboredo EP-6502, dende o 24 de febreiro ó 04 de marzo, co fin

de velar pola seguridade dos usuarios da estrada, e solicítase ampliar dito período ata o 10 de marzo de 2009, sinalizándose dito corte por parte da UTE Docarbo.

A Xunta de Goberno Local, queda enterada deste escrito.

1.3.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 804, de data 20 de febreiro de 2009, remitindo denuncia ambiental da Patrulla do Seprona de Lalín, Acta-denuncia/Inspección nº 2008-101219-00000250, por infracción á normativa sobre residuos e vertidos, contra Neumáticos Tato por abandono do vehículo marca Seat, modelo 131, matrícula PO-1432-U en zona forestal do casco urbano de Silleda.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a Neumáticos Tato para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo, en caso contrario iniciárase expediente sancionador.

1.4.- Escrito de D^a Ramona Regueira Rey, Rexistro de Entrada nº 795,d e data 19 de febreiro de 2009, solicitando copia da numeración 30 da súa vivenda, ubicada no lugar de Abades, nº 30, parroquia de Abades (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Obras.

1.5.- Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 819, de data 20 de febreiro de 2009, remitindo resolución pola que se autoriza á arqueólogo D^o Juan Carlos López García para a realización da escavación arqueolóxica da Mámoa 2 de A Ferreiriña, Campomarzo (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.6.- Escrito do Director do Colexio M^a Inmaculada de Silleda, Rexistro de Entrada nº 825, de data 20 de febreiro de 2009, poñendo en coñecemento do Concello algunhas necesidades que o mencionado centro considera necesario satisfacer para un mellor servizo á Comunidade Educativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Alcaldía.

1.7.- Escrito do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 857, de data 23 de febreiro de 2009, remitindo resolución en relación á convocatoria "Plan Provincial de Fomento do Emprego en Pequenos Municipios 2009", correspondéndolle a este Concello os seguintes traballadores para levar a cabo as distintas obras ou servizos de interese xeral ou social, con cargo a este plan de emprego:

CONCELLO	CATEGORÍA
Silleda	1 Peón pintor a cornada completa

Silleda	3 Peóns de construción a xornada completa.
---------	--

A Xunta de Goberno Local queda entrada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Axente de Desenvolvemento Local.

1.8.- Escrito de Ideara, S.L., Rexistro de Entrada nº 771, de data 17 de febreiro de 2009, solicitando a devolución do aval constituído como fianza definitiva nº 5002265 do Banco Galego, polo importe de 700 € para o traballo “Estudo. Vivenda e Comercio en Silleda”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar traslado deste escrito a Tesorería para que proceda á devolución deste aval.

1.9.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 848, de data 23 de febreiro de 2009, solicitando colaboración no proceso de participación pública da Directiva Marco da Auga.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito o Concelleiro de Medio Ambiente.

1.10.- Escrito de Ofitendas S.L., Rexistro de Entrada nº 831, de data 23 de febreiro de 2009, solicitando a devolución do aval bancario nº 0097-8510 000339, correspondente á obra denominada “Mobiliario Local Social e outros Servizos da Terceira Idade” nº 281/684 do PAM/07.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda dar traslado deste escrito a Tesorería para que proceda á devolución deste aval.

2º.- SUBVENCIONES.-

2.1.- Escrito do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 845, de data 23 de febreiro de 2009, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación nº 1 da obra “Mellora dos Accesos aos Núcleos de Silleda: Galán (Laro), A Laxe (Oleiros), Cortegada, Taboaa, etc” incluída no PPC/08, nº 58 así como declarar o seu abono ó Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 02 de febreiro de 2.009, aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación das obras consistentes de “Acondicionamento do Centro Social da parroquia de Escuadro” por procedemento negociado sin publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que

supón a adxudicación do mesmo.

Visto que , de conformidade co certificado emitido por secretaría en data 20 de febreiro de 2.009, foron presentadas en tempo e forma as seguintes ofertas:

- Construcciones Míguez Xestoso S.L., Rexistro de Entrada nº 719, de data 13 de febreiro de 2009
- Construcciones Pereiro y Campos S.L., Rexistro de Entrada nº 764, de data 17 de febreiro de 2009 (presenta escrito de renuncia a presentación de oferta).
- Construcciones Arean S.L., Rexistro de entrada nº 801, de data 20 de febreiro de 2.009

Visto que con data 23 de febreiro de 2.009 constituíuse a Mesa de contratación, e ésta, tendo en conta os aspectos de negociación coa empresa, realizou proposta de adxudicación a favor de Construcciones Arean S.L., por ofertar un importe de melloras valorado en 4.585,00 euros e os gastos de dirección de obra; examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato para a realización das obras de de “Acondicionamento do Centro Social da parroquia de Escuadro” por procedemento negociado sen publicidade á empresa de Construcciones Arean S.L. polo prezo de 87.424,26 euros e 13.987,88 euros correspondentes ao Imposto de Valor Engadido.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar e requirir a D. José Manuel Areán Campos, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación excluído o IVE.

CUARTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante.

3.2.- Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 02 de febreiro de 2.009, aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación das obras consistentes de “Mellora dos camiños: Paredes-Barreiro, Mourellos, Toiriz, Xestoso, Chapa, Manduas, Moalde, Lamela-1, Lamela-2 e Piñeiro” por procedemento negociado sin publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que , de conformidade co certificado emitido por secretaría en data 23 de febreiro de 2.009, foron presentadas en tempo e forma as seguintes ofertas:

- Transportes y Maquinaria C.P., S.L., Rexistro de Entrada nº 759, de data 16 de febreiro de 2009.
- Construcciones Rafer S.L., Rexistro de Entrada nº 826, de data 23 de febreiro de 2009
- Construcciones Fernández Sarmiento S.A., Rexistro de Entrada nº 829, de data 23 de febreiro de 2009.

Visto que con data 24 de febreiro de 2.009 constituíuse a Mesa de contratación, e ésta, tendo en conta os aspectos de negociación coa empresa, realizou proposta de adxudicación a favor de Construcciones Rafer, S.L., por ofertar un importe de melloras valorado en 12.009,48 euros, os gastos de dirección de obra e redacción de proxecto técnico; examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato para a realización das obras de de “Mellora dos camiños: Paredes-Barreiro, Mourelos, Toiriz, Xestoso, Chapa, Manduas, Moalde, Lamela-1, Lamela-2 e Piñeiro” por procedemento negociado sen publicidade á empresa de Construcciones Rafer S.L. polo prezo de 199.996,34 euros e 31.999,41 euros correspondentes ao Imposto de Valor Engadido.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar e requirir a D^a. María José Taboada Ramos, adxudicataria provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación excluído o IVE.

CUARTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante.

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, Rexistro de Entrada nº 838, de data 23 de febreiro de 2009, comunicando que en relación ó certificado de Secretaría sobre a licenza municipal a nome de D^o Javier Rivas Currás para explotación porcina, soliciátese un novo certificado de si a nave 1 que se indica na certificación da secretaria municipal, de 12 de xaneiro de 2009 é a nave coas dimensión indicadas (45 metros por 9,40 metros) sinalada no croquis que aportou o solicitante como Nave 1 ou si pola contra, a certificación expedida por este Concello corresponde a outra nave ou construción.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Departamento de Urbanismo para que informe sobre o solicitado pola Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cincuenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario acctal, dou fe.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO acctal,